



Begonte despediu «o Nadal máis intenso, humano e vivo»

► O alcalde presidiu o peche do nacemento electrónico, no que sinalou o aumento dos «peregrinos do belén», especialmente dos nenos

CRISTINA PÉREZ

BEGONTE. O alcalde de Begonte, José Antonio Vázquez, foi o encargado de clausurar a 38ª edición do belén electrónico, unha iniciativa que supón que o municipio goce «o Nadal máis intenso, máis humano e máis vivo», e que ademais é «o máis longo de toda Galicia».

O rexedor salientou que a vila foi un ano máis a «capital do Nadal en Galicia», un feito constatado polo aumento «dos peregrinos do belén» e especialmente das visitas de escolares. Vázquez asegurou tamén que o paso polo centro cultural José Domínguez Guizán xa se converteu nunha tradición que se transmite de pais a fillos.

Na mesma liña se manifestou o presidente do centro cultural, Jesús Domínguez, quen usou tres verbas, «grazas, éxito e fortaleza»; para resumir todo o acontecido

este ano ó redor do nacemento electrónico begontino.


As grazas usóunhas para salientar o apoio do Concello e doutras administracións e entidades ó belén, mentres que coa referencia o éxito sinalou que este ano a afluencia de xente superou todas as súas expectativas. Por último, asegurou que esta boa acollida lles dá fortaleza e ánimo para preparar a 39ª edición, sempre que «Deus nos conceda xuntarnos aquí outro ano», tal e como desexou o reverendo Domínguez Guizán.

A clausura incluíu a entrega de premios dos certames de poesía, debuxo infantil, arte e xornalismo do belén e a actuación dunha coral

Máis alá das verbas, os auténticos protagonistas da xornada celebrada no centro cultural foron os premiados nos catro certames convocados ó redor do belén. Así, polo escenario pasaron os premiados nas categorías de arte, debuxo infantil, xornalismo e poesía.

Como mestre de ceremonias exerceu Marcial González, ante a ausencia de Xulio Xiz, e na entrega de premios interviron, ademais do alcalde e do párroco, os pintores Manuel Culín e Zalo Sánchez Folgueira; Xesús Mato; Eduardo Rodríguez, do grupo Fonmiñá; e Sinesio Pérez e Miguel López, en representación de Caixa Galicia e Caixa Rural, respectivamente.

O punto e seguido ata o vindeiro ano puxerón as voces da polifónica de Viveiro, dirixidas por Luis Vicente Fernández Prieto, que interpretaron seis panxoliñas.



À esquerda, os premiados. À dereita, actuación da polifónica de Viveiro (arriba), entrega de premios dos certames (centro) e público presente no acto de clausura celebrado no centro cultural José Domínguez. C. PÉREZ.

